

CERTIFICADO

EXPEDIENTE NÚM.	ÓRGANO COLEXIADO	DATA DA SESIÓN
6211/2026	A Xunta de Goberno Local	18/08/2026

SOL CONDE GARCÍA, EN CALIDADE DE SECRETARIA DESTE ÓRGANO, CERTIFICO:

Que na sesión celebrada na data arriba indicada adoptouse o seguinte acordo pola Xunta de Goberno Local:

Expediente 6211/2026. Aprobación, se procede, das Bases Reguladoras da Convocatoria para a concesión dos “Premios Menina Sarmiento-Ponteareáns/as Distinguidos/as do Ano”.

Favorable	Tipo de votación: Ordinaria	Tipo de maioría: Unanimidade
	A favor: 7, En contra: 0, Abstencións: 0, Ausentes: 0	

Votación	A favor	En contra	Abstencións	Ausentes
Primeira	7	0	0	0

FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO

ANTECEDENTES

Mediante Decreto da Alcaldía do 17 de novembro de 2025 aprobáronse as Bases Xerais Reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, dos “Premios Menina Sarmiento – Ponteareáns/as Distinguidos/as do Ano”, que establecen o marco xurídico e procedemental para todas as convocatorias anuais destes galardóns.

A presente proposta formula a aprobación pola Xunta de Goberno Local das bases específicas correspondentes á Convocatoria 2026, elaboradas ao abeiro das citadas Bases Xerais e de conformidade co previsto no seu punto terceiro, que determina que a convocatoria anual deberá ser aprobada por este órgano Colexiado.

CONSIDERACIÓNS

Visto o documento das Bases Reguladoras presentado e considerado o interese público de instituír un recoñecemento anual que poña en valor o talento, a solidariedade, a creatividade e o compromiso das persoas e entidades ponteareás:

- Constátase a adecuación xurídica e técnica das bases no informe xurídico que se inclúe neste expediente.



- Destácase a importancia estratéxica destes premios, que reforzan a identidade local, fomentan a participación cidadá e proxectan unha imaxe positiva de Ponteareas.
- Esta proposta non xera obriga económica, ao tratarse dun recoñecemento honorífico, agás os gastos ordinarios asociados á organización do acto de entrega, que serán asumidos polas partidas correspondentes.

Vista a proposta de resolución PR/2026/799 de 14 de agosto de 2026.

RESOLUCIÓN

PRIMEIRO.- Aprobar as Bases Reguladoras da Convocatoria 2026 dos “Premios Menina Sarmiento – Ponteareáns/as Distinguidos/as do Ano”, segundo o documento anexo que se acompaña.

SEGUNDO.- Dispoñer a publicación íntegra das bases no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e no Taboleiro de Anuncios do Concello.

TERCEIRO.- Abrir o prazo de presentación de candidaturas, que será de cinco (5) días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria no BOPPO.

CUARTO.- Ordenar a constitución da Comisión Técnica de Instrución, que actuará conforme ás funcións e procedementos establecidos nas bases.

QUINTO. Dar conta do acordo ao Pleno da Corporación Municipal, na primeira sesión ordinaria que se celebre tras a resolución da Xunta de Goberno Local.

RECURSOS/ALEGACIÓNS

Contra o presente acto administrativo, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer ben o recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o ditou e no prazo de un mes a contar desde o día seguinte ó da súa notificación, ao abeiro do 4 de 5 establecido nos artigos 112.1 e 123 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses computados a partir do día seguinte ao da recepción da notificación, consonte co establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

De interpoñerse o recurso potestativo de reposición, este deberá ser resolto e notificado no prazo de un mes segundo establece o artigo 124.2 da devandita Lei 39/2015, entendéndose desestimado o recurso de reposición polo transcurso do mencionado prazo sen resolución expresa notificada, de conformidade co establecido no artigo 24.1 da Lei 39/2015, podendo entón os interesados interpor o recurso contencioso-administrativo dentro do prazo de seis meses contados dende o día seguinte daquel no que deba entenderse presuntamente desestimado o recurso de reposición interposto, consorte ó establecido no artigo 46.1) e 4) da Lei 29/1998, regulamentadora da xurisdición contenciosa administrativa. Non obstante, tamén se poderá interpoñer calquera outro recurso que os interesados estimen procedentes consonte co Dereito.

E para que conste, para os efectos oportunos no expediente da súa razón, de orde e co V.º B.º da sra. alcaldesa expresado a través do seu selo de órgano, coa excepción prevista no artigo 206 do



Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, expídese a presente.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Cod. Validación: 624ENNP5HKRTM6L7T4M2NWMKP
Corrección: <https://ponteareas.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestona esPublico | Páxina 3 a 9



Expediente: 6211/2026

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA 2026 DOS “PREMIOS MENINA SARMIENTO - PONTEAREÁNS/AS DISTINGUIDOS DO ANO” CONCELLO DE PONTEAREAS.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Concello de Ponteareas, consciente da importancia de recoñecer, visibilizar e poñer en valor o talento, o compromiso e a contribución á sociedade das persoas, entidades e colectivos vinculados ao municipio, convoca no ano 2026 a segunda edición dos “Premios Menina Sarmiento – Ponteareáns/as Distinguidos/as do Ano”.

Estes premios naceron coa vontade de establecer un marco anual de recoñecemento público municipal para aquelas persoas, entidades, colectivos, proxectos e iniciativas que destaquen pola súa contribución ao desenvolvemento social, cultural, educativo, científico, deportivo ou económico de Ponteareas, así como pola súa capacidade para promover a inclusión, a solidariedade, a innovación e os valores que contribúen ao progreso e á cohesión da comunidade.

A través destas distincións preténdese recoñecer tanto as actuacións e méritos especialmente relevantes desenvolvidos durante o ano como aquelas traxectorias que, pola súa continuidade, excelencia ou especial significación, constitúan un exemplo para a sociedade ponteareá. Valorarase especialmente a súa repercusión positiva na calidade de vida da veciñanza, o fortalecemento da identidade local, a participación e cohesión social e a proxección do nome e da imaxe de Ponteareas máis alá do propio municipio.

A denominación “Menina Sarmiento” rende homenaxe a María Agustina Sarmiento de Sotomayor, vinculada historicamente a Ponteareas e inmortalizada por Diego Velázquez na obra Las Meninas. A súa figura constitúe un referente singular do patrimonio histórico e cultural da vila e serve de símbolo para uns galardóns destinados a distinguir a quen, co seu traballo, dedicación, talento ou compromiso, contribúe a engrandecer Ponteareas.

Tras a primeira edición celebrada no ano 2025, o Concello de Ponteareas dá continuidade en 2026 a esta iniciativa de recoñecemento público, consolidando os Premios Menina Sarmiento – Ponteareáns/as Distinguidos/as do Ano como unha cita anual destinada a agradecer e visibilizar o esforzo, a creatividade, a solidariedade, o talento e a excelencia presentes na sociedade ponteareá.

Esta segunda edición pretende, deste xeito, recoñecer referentes positivos para a comunidade, fortalecer o sentimento de pertenza e orgullo colectivo e destacar aquelas persoas, entidades, colectivos e iniciativas que, desde distintos ámbitos, contribúen a construír un Ponteareas máis dinámico, inclusivo, solidario, innovador e comprometido.

En virtude do anterior, establécense as seguintes bases reguladoras da convocatoria correspondente ao ano 2026.

BASES REGULADORAS – CONVOCATORIA 2026

1) Obxecto e natureza

As presentes bases teñen por finalidade establecer as categorías, criterios e procedemento para a concesión anual (ano 2026) dos “Premios Menina Sarmiento – Ponteareáns/as Distinguidos/as do



Ano", promovidos polo Concello de Ponteareas.

As distincións non xeran en ningún caso dereitos económicos, nin potestades para intervir no goberno ou administración municipal.

2) Categorias

Concederase, como máximo, un premio por cada categoría, podendo quedar deserta aquela na que non existan candidaturas que acaden méritos suficientes.

As categorías convocadas na presente convocatoria anual 2026 son as que se indican a continuación, e nas que se describe tamén a súa finalidade:

- Cultura: Destácase á creación, promoción ou conservación das artes, o patrimonio, as letras e as tradicións locais.
- Educación, Ciencias e Investigación: Proxectos que impulsen o coñecemento, a innovación pedagóxica, o avance científico ou a mellora da formación da cidadanía.
- Empresa e Innovación: Iniciativas empresariais, profesionais ou emprendedoras que contribúan á dinamización económica de Ponteareas, á xeración de emprego ou á aplicación de solucións innovadoras.
- Compromiso Social: Labor solidario, de voluntariado ou pola defensa dos dereitos e o benestar da comunidade.
- Inclusión: Promoción da igualdade de oportunidades, a integración das diversidades (funcional, de xénero, cultural, etc.) e a eliminación de barreiras sociais.
- Deportes: Contribución á promoción da actividade física e en xeral aos valores deportivos.
- Nova Promesa (ata 25 anos): Promoción de iniciativas lideradas por mozos e mozas que sobresaian nun ámbito cultural, educativo, deportivo, científico ou social, representando o futuro e o talento da vila.
- Embaixada de Ponteareas: Promoción do nome de Ponteareas máis aló das nosas fronteiras, proxectando unha imaxe positiva e de prestixio da vila.
- Emigración/Aveciñamento: Promoción de Ponteareas no exterior con iniciativas asentadas en Ponteareas que contribúisen de xeito especial á integración, á convivencia e ao fortalecemento dos lazos coa comunidade local.

3) Requisitos das persoas ou entidades candidatas

Vinculación con Ponteareas: O proxecto ou iniciativa candidata deberá ter unha relación directa coa vila, ben sexa por estar deseñado ou desenvolvido en Ponteareas, por ter participación de entidades ou colectivos locais, ou polo impacto positivo e relevante no desenvolvemento da comunidade ponteareá.

Traxectoria e coherencia: As entidades promotoras deberán acreditar unha traxectoria de actuación coherente cos valores públicos de integridade, servizo á comunidade, respecto, inclusión, sustentabilidade e exemplaridade.

Situación legal: As iniciativas presentadas non poderán estar vinculadas con persoas físicas ou xurídicas inhabilitadas para recibir subvencións ou axudas públicas, nin estar sometidas a procedementos sancionadores ou condenas firmes que resulten incompatibles co recoñecemento



obxecto deste premio.

Categoría “Nova Promesa”: Nesta modalidade poderán concorrer iniciativas impulsadas recentemente (cun máximo de dous anos de execución) que amosen potencial innovador, impacto positivo na comunidade e capacidade de consolidación no tempo.

4) Incompatibilidades

Non poderán ser propostas as persoas que formen parte do Xurado encargado da selección dos galardóns, nin aquelas que ostenten cargo electo municipal en activo, agás que presenten renuncia expresa antes da súa candidatura.

5) Convocatoria e presentación de candidaturas

Convocatoria e prazo de presentación:

Os “Premios Menina Sarmiento – Ponteareáns/as Distinguidos/as do Ano” convócanse para este ano 2026 unha vez acordados pola Xunta de Goberno Local.

O prazo de presentación de candidaturas será de 5 días hábiles, contados a partir do día seguinte á publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

Modalidades de presentación:

- Institucional: propostas formuladas pola Alcaldía, as Concellerías ou entidades debidamente inscritas nun rexistro oficial de asociacións.
- Popular: propostas cidadás presentadas con un mínimo de 2.350 firmas ou a través do formulario dixital habilitado polo Concello (equivalente aproximadamente ao 10% da poboación do municipio).

Documentación mínima a presentar:

- Memoria xustificativa da iniciativa presentada da persoa ou entidade candidata.
- Apoios recibidos (en caso de propostas cidadás).
- Material acreditativo adicional, se procede (enlaces, recortes, informes, fotografías, etc.).

Lugar de presentación:

Rexistro xeral a través da sede electrónica do Concello de Ponteareas.

6) Instrución (comisión técnica)

A instrución das candidaturas será realizada por unha comisión técnica, integrada por 3 a 5 persoas funcionarias ou técnicas municipais, contando coa asistencia técnica da secretaría municipal.

Funcións principais da Comisión Técnica:

- Verificar que as candidaturas cumpren os requisitos formais establecidos nas bases.
- Solicitar a subsanación de documentación ou datos incompletos, dentro dos prazos que se determinen.
- Elaborar un informe de admisión das candidaturas, coas propostas motivadas para o seu envío ao Xurado.



Causas de inadmisión dunha candidatura:

- Falta de vinculación coa vila.
- Documentación insuficiente ou non subsanada dentro do prazo establecido.
- Incompatibilidades expresamente sinaladas nas bases.

7) Xurado

Composición: entre 7 - 10 membros, procurando equilibrio de xénero e representación diversa:

- Alcaldía: presidencia do Xurado, con voto de calidade en caso de empate.
- Ata un máximo de 3 persoas titulares dalgunha Concellería de Goberno.
- Ata un máximo de 5 persoas de recoñecido prestixio en ámbitos como universidade, cultura, empresa, tecido social ou deporte.
- Secretaría: persoal municipal con voz, sen voto.

Abstención e recusación: Calquera membro deberá absterse ou será recusado por conflito de intereses, como parentesco ata 2º grao ou relación laboral/contractual directa coa persoa ou entidade candidata.

O Xurado é soberano na valoración das candidaturas e poderá declarar desertas as categorías nas que non se cumpran os criterios de mérito establecidos.

Todos os membros do Xurado serán nomeados formalmente mediante decreto da Alcaldía.

8) Criterios de valoración

Criterio	Puntuación máxima	Nivel Excelente	Nivel Medio	Nivel Básico
Impacto obxectivo e medible	40	Resultados significativos, alcance territorial amplo e continuidade no tempo.	Resultados apreciáveis, alcance local medio e certa continuidade.	Resultados limitados, impacto local reducido e continuidade mínima.
Aportación a Ponteareas	25	Beneficio directo, relevante e duradeiro para a comunidade/localidade.	Beneficio perceptible pero non claramente sustentable.	Beneficio limitado ou pouco relevante.
Exemplaridade e valores	15	Comportamento íntegro, respectuoso, inclusivo e sostible; modelo de referencia.	Comportamento xeralmente correcto, con algunhas accións exemplares.	Comportamento adecuado pero con poucas accións destacables.
Innovación e orixinalidade	10	Enfoque pioneiro, creativo ou transformador; impacto novo ou diferencial.	Algúns elementos innovadores, pero con impacto limitado.	Pouca innovación ou enfoque moi convencional.
Traxectoria e méritos acumulados	10	Contribución consistente e relevante ao longo do tempo; recoñecemento previo.	Contribución estable, con algúns méritos acumulados.	Contribución recente ou méritos pouco relevantes.

A puntuación total por candidatura será a suma dos cinco criterios (máx. 100 puntos).

Poden declararse categorías desertas se ningunha candidatura acada unha puntuación mínima de 50 puntos.

9) Procedemento de concesión



Fase 1 – Admisión técnica e preselección

A Comisión Técnica verificará os requisitos formais, avaliará a documentación e elaborará unha lista de candidaturas admitidas.

Fase 2 – Constitución e deliberación do xurado

Constitución do Xurado: O Xurado será constituído formalmente mediante decreto da Alcaldía, garantindo o cumprimento das bases en canto a composición, equilibrio de xénero e representación sectorial.

Deliberación: O Xurado procederá á avaliación das candidaturas por categoría, aplicando os criterios de valoración e rúbrica establecidos nas bases. Cada membro emitirá puntuación individual segundo a rúbrica e achegará as súas observacións motivadas. As deliberacións serán soberanas, e o Xurado poderá declarar desertas as categorías nas que ningunha candidatura acade os estándares mínimos de mérito.

Fase 3 – Aprobación final

Proposta motivada: Unha vez avaliadas todas as candidaturas, o Xurado elaborará un informe-proposta para cada categoría, que será remitido á Xunta de Goberno Local para a aprobación final.

Da aprobación da proposta dos “Premios Menina Sarmiento – Ponteareáns/as Distinguidos/as do Ano”, darase conta ao Pleno da Corporación Municipal que se celebre a posteriori.

Confidencialidade: Todas as deliberacións, valoracións e informes do Xurado manteranse en réxime de confidencialidade ata a publicación do acordo de concesión.

Fase 4 - Notificación e aceptación

As iniciativas distinguidas serán notificadas formalmente aos seus promotores e deberán manifestar aceptación expresa.

10) Distintivos e protocolo

Entrega: Os premios entregaranse nunha Gala que se celebrará o día 26 de setembro 2026, no lugar auditorio municipal Reveriano Soutullo de Ponteareas. Esta data e lugar poder sufrir modificación por causas debidamente xustificadas.

A cada iniciativa distinguida entregaráselle un diploma acreditativo e unha peza conmemorativa, recomendándose a iconografía de Menina Sarmiento xunto con elementos heráldicos locais.

11) Rexistro, arquivo e uso do título

O título poderá empregarse en biografías, comunicacións ou actos públicos, sen conferir precedencia protocolaria fóra dos actos oficiais municipais.

12) Disposición final

As presentes bases reguladoras entrará en vigor o día seguinte á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e tamén serán publicadas no taboleiro de anuncios do Concello de Ponteareas.

Todo o non recollido nesta convocatoria será resolta pola Alcaldía.



D^a Nava Castro Domínguez
Alcaldesa de Ponteareas

